Glosario

AGROECOLOXÍA
Concepción da agricultura que integra as consideracións ambientais coas sociais, centrada non só na produción senón tamén na sustentabilidade do sistema de produción. Considera que factores sociais como o colapso dos prezos de mercado ou as mudanzas na propiedade das terras poden ter consecuencias tan graves para os sistemas agrícolas como unha seca, as pragas ou a perda de nutrientes do solo. (*Opcions*, n.º 12)

ALIMENTOS Km. 0
Fai referencia á distancia que os alimentos percorrer desde onde son producidos até o prato e, evidentemente, non é unha expresión literal; significa "do máis cerca posíbel, de aquí ao lado".

BANCO MUNDIAL (www.bancomundial.org)
Fai parte do sistema das Nacións Unidas. Aínda que naceu en 1944 para facilitar a reconstrución e o desenvolvemento despois da Segunda Guerra Mundial, actualmente a súa misión, oficialmente, é "loitar contra a pobreza a través dun proceso de globalización inclusivo e sustentábel". As súas políticas, porén, non sempre responden a tan nobres fins.

COOPERATIVAS DE CONSUMO
Grupos de persoas que se asocian para consumir saudábel e seguro. Piden produtos directamente ao produtor evitando intermediarios e pagando un prezo xusto polo produto, baseándose sempre nos principios da agroecoloxía e do comercio xusto. Algunhas están formadas por consumidores e produtores e outras só por consumidores. Ademais de practicalo, acostuman promover un consumo crítico, social e ambientalmente responsábel.

DEREITO Á ALIMENTACIÓN
O dereito á alimentación é o dereito de toda persoa a ter acceso, de maneira regular, permanente e libre, sexa directamente, sexa mediante compra ou diñeiro, a unha alimentación cuantitativa e cualitativamente adecuada e suficiente, que corresponda ás tradicións culturais da poboación á que pertence o consumidor e que garante unha vida psíquica e física, individual e colectiva, libre de angustias, satisfactoria e digna. (Relator especial das Nacións Unidas sobre o dereito á alimentación).

DUMPING
Segundo a Organización Mundial do Comercio (OMC), unha empresa fai *dumping* cando exporta un produto a un prezo inferior ao que aplica normalmente no mercado do seu propio país, e mesmo por baixo do seu custo de produción. Considérase unha práctica competitiva desleal, xa que a empresa que a practica é feita co mercado do ben en cuestión, e causa graves prexuízos aos produtores locais. É especialmente grave nos países empobrecidos, en que esta práctica por parte de grandes empresas transnacionais dana o tecido produtivo local.

FAME
Sensación que indica a necesidade de alimento ou ganas e necesidade de comer. Segundo a FAO, "o concepto de fame é normalmente utilizado en situacións de intensa privación de alimentos". As persoas que pasan fame de forma crónica están subnutridas. Non comen o suficiente para ter a enerxía necesaria que lles permita desenvolver unha vida activa. É considerada **fame negra** a carencia grave de alimentos, que case sempre afecta unha área xeográfica grande ou un grupo significativo de persoas. Adoita implicar desprazamentos de poboacións, propagación de epidemias, desestruturación comunitaria e, nos casos mais graves, un aumento na mortalidade da poboación.

FAO (www.fao.org)
Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura. Con sede en Roma, a súa misión é alcanzar a seguridade alimentaria para todas as persoas.

FRONTEIRA AGRÍCOLA
Límite entre terreos cultivados e non cultivados. Tradicionalmente, enténdese que é a liña que separa bosque e cultivos, de modo que se di que a fronteira agrícola avanza cando aumentan os terreos agrícolas en detrimento do bosque. A fronteira agrícola retrocede cando se perden terreos de cultivo, xeralmente por causa da actividade humana (presión urbanística, degradación ambiental, etc.).

INEFICIENCIA ENERXÉTICA
Investir nun proceso máis enerxía da que se obtén como resultado do mesmo. A eficiencia enerxética é a redución do consumo de enerxía obtendo os mesmos bens e servizos enerxéticos, a mesma ou maior calidade de vida, con menos contaminación, protexendo o medio ambiente, asegurando o abastecemento e fomentando un comportamento sustentábel no seu uso.

INSEGURIDADE ALIMENTARIA
Ten lugar cando as persoas carecen de acceso a unha cantidade suficiente de alimentos inocuos e nutritivos, e por tanto non están a consumir o suficiente para desenvolver unha vida activa e saudábel. Pode deberse á falta de dispoñibilidade de alimentos, ao insuficiente poder adquisitivo ou a un uso inadecuado dos mesmos ao nivel familiar. (FAO)

PEGADA ECOLÓXICA
Designa a extensión de terra necesaria para proporcionar recursos a unha persoa ou grupo

humano e a superficie necesaria para absorber os seus residuos. Como humanidade, sóbranos pé: a traza que deixamos é actualmente máis dun terzo maior que a superficie do planeta, mais non todos calzamos o mesmo número: a pisada dos países industrializados é catro veces superior á dos empobrecidos e o duplo do que sería sustentábel. É moi difícil calcular a pegada de cada persoa con exactitude, mais pode axudar a tomar decisións sobre o noso modo de vida: www.footprintnetwork.org/es.

MALNUTRICIÓN
Termo amplo que designa calquera estado fisiolóxico anormal por unha alimentación inadecuada ou desequilibrada. Refírese tanto á **desnutrición** (privación de alimentos) como á **sobrealimentación** (consumo excesivo en relación ás necesidades enerxéticas) e á **subnutrición** (inxestión alimentaria regular que non chega a cubrir as necesidades enerxéticas mínimas).

MERCADO DE FUTUROS
É un mercado en que se negocian contratos polos cales as partes se comprometen a comprar ou vender bens ou valores nunha data futura a un prezo establecido por anticipado, no momento de asinar o contrato. A súa función inicial era a de servir como un seguro, especialmente para cubrir os riscos nas colleitas e tratar de garantir un prezo de compra suficiente. Mais, cos avances tecnolóxicos nos mercados financeiros, esta función básica deixou de ser o máis importante, para se converter sobre todo nun mercado virtual, en que poden ser negociadas materias primas (petróleo, minerais, etc.), producións agrícolas, activos financeiros, tipos de xuros, etc. O mercado de futuros converteuse agora nun mercado virtual, en que nin sequera é necesario ter fisicamente os bens (ser propietarios reais dos bens ou servizos) para negociar con eles. Agora, son mercados en que en esencia se "aposta" sobre o posíbel valor futuro de compra ou venda, sen necesidade de ser titular do ben ou activo, xerando tensións nos valores de intercambio reais.

OMG
Un transxénico ou organismo modificado xeneticamente (OMG) é un ser vivo ao cal foi inoculado material xenético procedente doutras especies por medio de técnicas de enxeñaría xenética que só poden ser desenvolvidas en laboratorios especializados. Recombinar material xenético de organismos de especies, familias ou mesmo reinos diferentes de seres vivos implica saltar as barreiras naturais que guían o funcionamento dos ecosistemas. (Grup de Petroaliments)

PRODUCTIVISMO
Organización da sociedade baseada na crenza de que a produtividade económica medíbel e o crecemento son a prioridade e o fin último da organización humana, entendendo que a maior produción posíbel de bens materiais é necesariamente boa para a economía e a sociedade.

REVOLUCIÓN VERDE
Plan de incremento da produtividade agraria impulsado pola FAO na década de 1960 e comezos da de 1970 para conseguir e expandir sementes de alto rendemento, sobre todo de trigo, millo e arroz, co obxectivo de acabar coa fame no mundo. Entre 1961 e 1980, as colleitas de cereais creceron a un ritmo do 2% anual, mesmo máis nos países en desenvolvemento, mais co decurso do tempo puxéronse de manifesto graves inconvenientes, como as grandes cantidades de fertilizantes e pesticidas, así como de auga, que estes cultivos esixen, fomentando a agricultura á grande escala, en detrimento dos pequenos agricultores. Ademais, non acabou coa fame.

SEGURIDADE ALIMENTARIA
Existe seguridade alimentaria cando todas as persoas teñen en todo momento acceso físico e económico a suficientes alimentos saudábeis e nutritivos para satisfacer as súas necesidades alimenticias e as súas preferencias con relación aos alimentos para ter unha vida activa e saudábel. (Cumio Mundial sobre a Alimentación, 1996)

SEMENTES HÍBRIDAS
Sementes resultantes de cruzar especies emparentadas, xeralmente por polinización controlada, co obxectivo de mellorar a produción: plantas máis resistentes a pragas e insectos, con mellor aspecto, etc. O inconveniente é que as sementes desas plantas xa non poden ser sementadas.

SOBERANÍA ALIMENTARIA
O dereito que ten todo pobo e país a garantir a propia alimentación de maneira suficiente, saudábel, vinculada ás súas tradicións culturais e aos mercados locais.

TRAZABILIDADE
Sistema que permite identificar o ciclo de vida dos alimentos en todas as súas etapas: produción, elaboración e distribución.